

Expresión oral.

Criterio	Excelente (2 ptos.)	Bo (1,5 ptos.)	Aceptable (1 pto.)	Baixo (0,5 ptos.)
Organización e claridade do discurso.	O discurso é claro, está ben estruturado e é fácil de seguir. Utilízanse conectores adecuados entre as ideas.	O discurso está ben organizado na súa maioría. Algunhas ideas poden ser confusas ou faltan conectores entre elas.	O discurso é en xeral comprensible, pero desordenado nalgúns partes. A falta de conectores dificulta a comprensión.	O discurso é confuso e desorganizado. As ideas non están conectadas e a falta de estrutura dificulta a comprensión. Presenta erros de concordancia.
Pronuncia e entoación.	Enténdese o discurso con claridade. Non comete erros de pronunciación. Ton adecuado á situación, coas flexións precisas.	Enténdese o discurso con claridade, pero pronuncia unha ou dúas palabras con dificultade. Ton adecuado á situación, con poucas flexións de voz.	Enténdese o discurso con claridade, pero presenta erros na pronuncia de tres palabras. Ton bastante alto ou baixo, con poucas ou ningunha flexión de voz.	Enténdese a mensaxe pero pronuncia 5 ou máis palabras de maneira inadecuada. Ton excesivamente alto ou baixo.
Autonomía e fluidez na expresión oral.	Exprésase de maneira autónoma, fluída, e segura, sen vacilacións nin tateos. utilizando un vocabulario adecuado.	O alumnado exprésase de maneira principalmente autónoma e fluída, aínda que pode haber algunhas interrupcións ou inseguridades na expresión oral.	Exprésase de maneira limitada e con dificultade. Precisa apoio do interlocutor para iniciar ou continuar o discurso. Hai interrupcións frecuentes e falta de fluidez. Non realiza as pausas adecuadas.	O alumnado ten dificultades para expresarse oralmente de maneira autónoma e fluída, o que dificulta a comprensión da súa mensaxe. Precisa apoio para iniciar ou continuar o discurso.
Vocabulario.	Exprésase cun vocabulario rico e variado.	Exprésase cun vocabulario básico, pero variado.	Exprésase cun vocabulario limitado, coloquial e impreciso. Utiliza vocabulario básico en oracións simples.	Vocabulario impreciso e xenérico. Repite as palabras, aínda que sexa con significado diferente.
Uso adecuado de recursos non verbais.	Utilízanse recursos non verbais de forma efectiva e coherente para complementar o contido da infografía.	Utilízanse a maioría dos recursos non verbais de maneira adecuada, pero pode haber algunhas inconsistencias.	Utilízanse algúns recursos non verbais de maneira adecuada, pero hai varias inconsistencias e falta de coherencia.	Non se utilizan correctamente os recursos non verbais, o que dificulta a comprensión e a comunicación efectiva.